

Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de A Coruña.
Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

Expediente: IN408A 2020/061
Denominación do proxecto: Parque eólico Bustelo e Baralláns
Promotor: EDP Renovables España, SLU
Asunto: Solicitud de informe técnico
Clave: DXDM 2022/0146

ANTECEDENTES

O 06/09/2022 solicitouse mediante o rexistro electrónico da Xunta de Galicia á Subdirección Xeral de Prevención da Consellería do Medio Rural desde o Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de A Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, un informe sobre o Estudio e Impacto Ambiental e o Proxecto de Interese Autonómico do "PARQUE EÓLICO BUSTELO E BARALLÁNS", situado nos concellos de Coristanco e Cabana de Bergantiños na provincia de A Coruña.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Tras consulta da información achegada non se observan afeccións sobre as infraestruturas forestais que puideran impedir o correcto funcionamento das actividades de prevención ou posible extinción de incendios a executar, porén deberá velarse porque se manteñan en todo momento operativas, transitables e libres de obstáculos, e de verse afectadas repoñelas o antes posible.

A Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece no seu artigo 20 bis - Redes primarias de faixas de xestión de biomasa, apartado c), as seguintes obrigas de xestión de biomasa:

"c) Nas instalacións de produción de enerxía eléctrica eólica deberá xestionarse a biomasa na superficie afectada de pleno dominio e voo, de acordo co establecido no Plan sectorial eólico de Galicia, ao redor de cada aerogenerador de produción de enerxía eléctrica eólica instalado.

DIRECCIÓN XERAL DE DEFENSA DO MONTE
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. + 34 881 996 391
defensadomonte.mediorural@xunta.gal
mediorural.xunta.gal





Así mesmo, nos camiños interiores das ditas instalacións a xestión da biomasa vexetal, no estrato arbustivo e subarbustivo, farase nos 5 metros desde a aresta exterior do camiño. Neste último suposto, non se exixirá a retirada de árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

.....

Para todas as instalacións indicadas nesta letra, a xestión da biomasa incluírá a retirada desta por parte da persoa que resulte responsable consonte o artigo 21 ter. "

A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia no seu artigo 59. Cambio de uso forestal establece que:

"1. O cambio de uso forestal dun monte, cando non viñese motivado por razóns de interese xeral, e sen prexuízo do disposto no artigo 28.2 da presente lei e da normativa ambiental aplicable, terá carácter excepcional, requirindo informe favorable do órgano forestal e, no seu caso, do titular do monte.

2. A Administración forestal competente poderá regular un procedemento máis simplificado para a autorización do cambio de uso naquelas plantacións forestais temporais para as cales se solicitase unha reversión a usos anteriores non forestais.

INFORME

En base ó anterior e tendo en conta os condicionantes recollidos nas consideracións legais e técnicas de mantemento permanente da operatividade das infraestruturas forestais afectadas (pistas, devasas, depósitos contra incendios forestais,...), infórmase FAVORABLEMENTE a realización do PARQUE EÓLICO BUSTELO E BARALLÁNS, situado nos concellos de Coristanco e Cabana de Bergantiños na provincia de A Coruña.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O Director xeral de Defensa do Monte
Manuel Rodríguez Vázquez

